



ASETEM



EMPRESA

Decenas de persoas acoden á inauguración dos cambios realizados nas instalacións de Grupo Noguero **P3**

CULTURA

Melide acollerá o Circuito Galego de Teatro Amador en setembro **P18**

LECER

O pádel, un deporte que une distintas xeracións **P22**

ENTREVISTA



Celestino Penas, Recambios Vulcano P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 222. Agosto 2024. Distribución gratuíta

Os comercios do municipio quantan motores para o Mercamelide na Rúa

Os comercios do municipio quantan motores para esta edición do Mercamelide na Rúa que se celebrará este venres, sábado e domingo.

Participan nesta campaña 22 comercios locais: Calzados Broz, Colorín Colorado, Creaciones MJ, Electrosan, Flor de Toxo, Floristería Maru, Goalkers, Magnin, Marvi, Mis Mejores Labores, M&M, Modas Alfonso, Perfumería Lyss, Sakho, Sarela, Sisuka, Sportmoda, Romero Zapaterías, Sueños, Star-demoda, Toysmaniac e Tu Boutik. **P6**



Muxica trasládase a unha nova tenda na localidade



Muxica Tenda Xoven é un dos comercios con gran traxectoria de Melide que logo de varios anos decide trasladarse a unha nova tenda, situada no Cantón de San Roque. **P4**

Melide prepárase para sete xornadas de música e festa



O municipio prepárase para 7 xornadas de troula, música e atraccións coas Festas de San Roque que comezan o vindeiro mércores. Do 14 ao 20 de agosto actuarán en Melide moitas das grandes orquestras. **P14**



ESPOMASA

CTRA MELIDE-TOQUES KM8
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30
SÁBADOS 10:30 a 13:30



N-547, 15800
Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00
16:30 a 20:30



SEGUNDAS REBAJAS

Y HASTA

40% 50% 60%

ÚLTIMAS UNIDADES

• OFERTA APLICABLE A PRODUCTOS LIMITADOS

Tribuna de opinión

A xeración de cristal e as súas etiquetas

Son moitos os comentarios arredor das persoas que, coma min, nacemos entre o 1995 e o 2010 como: "a xente nova xa no valora as cousas", "é que agora non se lles pode dicir nada" ou "quéixanse por todo e non teñen ganas de traballar".

Certa parte da poboación considera a xuventude actual como persoas menos resistentes e máis propensas a ofenderse, porén esta apreciación está moi afastada da realidade. A tamén nomeada xeración Z está continuamente en loita activa contra as inxustizas e dá visibilidade aos problemas de saúde mental sen ningún tipo vergoña. É certo que protestamos pero sempre ante inxustizas e na procura de maiores dereitos, dun futuro mellor e máis equitativo.

A xente da miña xeración vivimos crises económicas dende pequenos, recortes en diferentes sectores públicos como a sanidade ou a educación, preocupación polo cambio climático, expectación ante certos sectores da sociedade que nos quere negar dereitos xa conquistados como o dereito ao aborto ou a amar libremente, pasamos unha pandemia sanitaria no que se soe denominar a flor da vida e na que tivemos que aprender a relacionarnos de xeito diferente, estamos altamente cualificados grazas a un esforzo xigante de moitas nais e pais que traballaron arreo para pagarnos unha carreira porque, segundo nos dicían, iso "garantiríache un traballo". Spoiler: non foi así. A taxa de desemprego



Brazos en alto simbolizando a loita activa que realiza a xeración z. / Foto: iStock

xuvenil situouse ao peche de 2023 no 28,36% segundo o INE. O suicidio é a 1ª causa de morte en España entre a xente de 16 a 29 anos. Con isto, non quero dicir que a xeración de cristal sexa mellor que outras devanceiras porque non o é, pero si lanzar unha pequena reflexión sobre se as etiquetas aplicadas por parte da poboación son xustas de cara a actual xuventude. Coma en todas as xeracións hai excepcións pero que unha mancha non nos impida ver a paisaxe. O pasado nunca será mellor.

xuvenil situouse ao peche de 2023 no 28,36% segundo o INE. O suicidio é a 1ª causa de morte en España entre a xente de 16 a 29 anos.

Con isto, non quero dicir que a xeración de cristal sexa mellor que outras devanceiras porque non o é, pero si lanzar unha pequena reflexión sobre se as etiquetas aplicadas por parte da poboación son xustas de cara a actual xuventude. Coma en todas as xeracións hai excepcións pero que unha mancha non nos impida ver a paisaxe. O pasado nunca será mellor.

Editorial

O dereito de desconexión dixital

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Material de oficina entre o que se atopa un portátil encadeado. / Foto: iStock

Nestes tempos de conexión interrompida o dereito a non contestar un whatsapp ou correo electrónico parece case imposible.

No eido laboral, o dereito á desconexión dixital está regulado pola lexislación española e, segundo avanzou o Ministerio de Traballo, seguirase desenvolvendo para a súa correcta aplicación. Esta norma implica que os xefes e xefas non poderán enviar mensaxes nin contactar coas persoas empregadas por vía electrónica ou telefónica fóra do horario de traballo

e de facelo, o traballador ten dereito a non contestar sen sufrir ningún tipo de represalia. Esta problemática tamén afecta a autónomos e autónomas que, en moitas ocasións, reciben chamadas en horas pouco lectivas.

Un informe de InfoJobs afirma que o 72% dos traballadores reconece que non desconecta fóra do seu horario laboral, algo que ten importantes consecuencias na saúde mental.

Para conectar e estar ao 100% no noso traballo é preciso ter tempo e espazos para desconectar.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

COLABORACIÓN: Vanesa de Quinzán

AGRADECIMENTOS: Imprenta Meligraf e Pilar López

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84



ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....	2
- EMPRESA.....	3
- MERCAMELIDE.....	8
- MELIDE.....	12
- COMARCA.....	17
- COLABORACIÓN.....	20
- CULTURA E LECER.....	22
- ENTREVISTA.....	23

Decenas de persoas acoden á inauguración dos cambios realizados por Grupo Nogueroles nas súas instalacións



Os traballadores e traballadoras do Grupo Nogueroles o día da inauguración dos cambios realizados nas instalacións da Circunvalación da Feira en Melide. / Foto: Grupo Nogueroles

O pasado 12 de xullo decenas de persoas acudiron á inauguración dos cambios realizados por Grupo Nogueroles nas súas instalacións da Circunvalación da Feira.

Neste evento, todos os convidados puideron visualizar e coñecer todas as melloras realizadas no establecemento, desfrutar do servizo de comida e bebida, así como dos descontos especiais desa xornada.

Grupo Nogueroles é unha empresa que busca liderar o sector e para iso non deixa de actualizarse e invertir para ofrecerlle os mellores servizos e produtos á clientela. Este negocio conta con 79 anos de traxectoria, un dos seus grandes avais.

Durante o acto tamén houbo tempo para facer un repaso pola traxectoria e historia da empresa

Grupo Nogueroles, de feito, o alcalde de Melide, José Manuel Pérez lembrou como na súa infancia acudía á tenda aberta polo pai e o tío de Fernando Garea Núñez (o actual responsable do negocio). "Dúas persoas que traballaron para que hoxe esta empresa sexa o que é, independentemente dos esforzos que logo fixeron os descendentes".

Por outro lado,

Adrián Castro, en representación dos traballadores e traballadoras de Grupo Nogueroles, deulle as "grazas" á dirección por investir economicamente neste novo proxecto e tamén á clientela por confiar neste negocio.

Unha das novidades desta nova etapa é o "desenvolvemento dun departamento de compra - venda de maquinaria, algo moi demandado polos

clientes", afirma Fernando Garea Núñez. Ademais, o responsable de Grupo Nogueroles tamén fixo fincapé no "orgullo" de contar cunha clientela que pasa dunha xeración a outra, así como do "comprometido equipo humano" que forma a empresa.

Para rematar, Fernando Garea anunciou o nomeamento como presidentes de honor a seus pais.

CHINCHES?

Plagostel
control de riesgos ambientales

▶ **Llámanos**

▶ ☎ **698179968 / 986118714**

▶ ✉ **administracion@plagostel.com**

Muxica Tenda Xoven trasládase a unha nova tenda en Melide con moitas novidades de espazo e produtos



Varios espazos con diferentes produtos (bolsos, camisetas, figuras, láminas, cuncas,...) en exposición na nova tenda de Muxica, situada no Cantón de San Roque, 42 en Melide./ Foto: Cerne

Muxica Tenda Xoven é un dos comercios con gran traxectoria de Melide na que a veciñanza sabe que vai atopar un trato personalizado e de confianza.

Logo de varios anos na mesma localización, Muxica trasládase e estrea nova tenda no municipio no Cantón de San Roque, 42. "Apareceunos a oportunidade de crear un espazo máis diáfano e realizar unha renovación", comenta José Valiño, responsable de Muxica Tenda Xoven.

Con esta mudanza, o establecemento despídese

de seccións como a de discos, amplían o repertorio de moda e complementos, e dan a benvinda a un novo apartado no que a clientela poderá atopar "produtos alimenticios da terra, de gran calidade, como conservas de Cambados, chocolates do Pazo de Coruxo e licores de Casa Mejuto e Pazo de Coruxo", fai fincapé José.

Este novo establecemento compartirá rúa co comercio destinado aos peregrinos e peregrinas o que axudará a "ofrecer un mellor servizo nas dúas tendas e a que poidamos conciliar

de mellor xeito", sinala Valiño.

De feito, os peregrinos segue a ser un público forte que ano tras ano non deixa de medrar. "Esta tempada comezou a finais de marzo, coa Semana Santa, o pensabamos que ía ser prexudicial pero foi todo o contrario, dende ese momento non deixaron de vir peregrinos e pódese dicir que hai máis que o verán pasado. Antes do 2010 os anos fortes en canto a peregrinaxe eran os Santos e o anterior e posterior pero logo cambiou a tendencia

e cada temporada hai máis xente", isto certifica a boa saúde da que goza o Camiño de Santiago como motor económico na comarca e manifesta unha das grandes vantaxes que ten este atractivo turístico, "a xente que fai o Camiño ten moitas alternativas sen moverse de Galicia, o tramo inglés, o portugués, ...", di o responsable de Muxica Tenda Xoven.

O obxectivo principal ante esta nova etapa está moi claro "continuar a ofrecer un bo servizo e cun trato de proximidade coa

clientela, que Muxica siga sendo unha tenda do pobo", comenta José Valiño. Por parte da clientela a resposta a esta mudanza está sendo boa, dado que a nova localización tamén está moi próxima ao centro do municipio.

A maiores desta nova tenda que xa se pode visitar, o espazo da Rúa do Convento seguirá aberto durante unhas semanas máis con ofertas e descontos especiais para liquidar determinados artigos como discos ou elementos de decoración.



TRASLADÁMONOS!

Achégate a coñecer a **nova tenda** no

Cantón de San Roque, 42 📌

Melide (A Coruña)

☎ **658 04 37 23**

A Xunta lanza o proxecto piloto 'Adapta local' para o comercio de proximidade



Gabriel Alén con varios responsables de APE Galicia. / Foto: Xunta de Galicia

A Xunta, co apoio da asociación de autónomos APE Galicia, lanza o proxecto piloto 'Adapta local' que busca adaptar o comercio de proximidade aos cambios

de hábitos dos consumidores apostando pola dixitalización.

No evento de presentación desta nova iniciativa, Gabriel Alén (director

xeral de Comercio e Consumo) salientou a importancia de proxectos coma estes para incentivar o consumo nos negocios locais de xeito sustentable e competitivo, así como impulsar a comercialización do produto galego.

Con ese fin esta acción combinará formación presencial e telemática destinada a propostas do comercio local e rural, co foco posto nas iniciativas innovadoras que potencien a comercialización do produto.

Entre os contidos que se abordarán nas formacións están os relacionados coa transformación dixital, como a venda en liña e a xestión das redes sociais. Tamén cuestións que teñen que ver coa atención á clientela, a economía circular e o compromiso social.

Antonio Méndez fixo entrega do premio de Días Azuis



Antonio Méndez na entrega da tarxeta de Días Azuis. / Foto: Asetem

O responsable de Romero Zapaterías, Antonio Méndez, fixo entrega da tarxeta de 250 euros da campaña de Días Azuis a Sara López Vilar, gañadora da iniciativa no comercio local de Melide.

A afortunada poderá gastar o importe íntegro da tarxeta nos establecementos de proximidade, o que supón unha nova repercusión económica desta campaña nos negocios locais do municipio.

Continúa a tendencia de descenso no número de parados na comarca da Terra de Melide con 327 desempregados

O paro na comarca da Terra de Melide mantén a tendencia de descenso un mes máis e queda a cifra de desempregados en 327.

Continúa a temporada de verán e con ela os seus efectos nos datos de persoas con traballo en xullo. En Melide a lista de parados e paradas descende en 14 (241 en total); no caso de Santiso a baixada é de 5 (35); en Sobrado son 2 as persoas que atoparon emprego (28); e, por último, Toques non rexistra movementos e mantén o mesmo número (23).

Se nos fixamos nos ámbitos laborais, un mes máis, os mellores números de emprego atópanse no sector da construción, sendo o eido no que menos parados se encontran. Pola contra, onde máis desempregados hai é no sector servizos.

Estas cifras amosan o bo momento polo que pasa o mercado laboral durante a temporada estival, grazas en parte aos establecementos relacionados co turismo.

Os datos nas comarcas limítrofes non son tan positivos como no caso da Terra de Melide, de feito aumenta o desemprego en todas elas. Arzúa sobe en 9 o número de persoas paradas (416 en total), en todos os concellos da zona se inicia unha tendencia de suba do paro agás no Pino que se mantén. A peor parte lévaa Arzúa con 4 desempregados máis. A comarca da Ulloa conta en xullo cunha situación moi diferente entre os seus municipios, dado que en Antas de Ulla (-8) ou Palas de Rei (-4) baixan as cifras do paro e, na contra, en Monterroso hai 16 desempregados máis. En total,

nesta comarca hai 256 persoas sen emprego. Por último, O Deza amplía as súas listas do paro con 11 persoas máis, ao igual que na comarca da Ulloa o panorama é distinto entre as súas localidades: Dozón, Lalín, Agolada e Vila de Cruces marcan a tendencia positiva con 16 parados e paradas menos pero Silleda e Rodeiro incrementan os números do desemprego con 27 persoas.

A nivel autonómico os números ascenden lixeiramente pero aínda así Galicia sitúa o paro por debaixo das 118.045 persoas, a cifra de desemprego máis baixa en xullo dende que hai rexistros (1996). A maiores, é a 2ª comunidade autónoma que máis sube en afiliacións no último mes, acadan un total de 1.093.374 cun aumento superior ás 8.500 persoas en relación con xuño.



O conselleiro de emprego na valoración dos datos do paro. / Gráfico: X. Galicia

Por sectores, na comparativa anual do eido autonómico, liderou a baixada o ámbito primario (-11,93%), seguido da construción (-11,47%) e da industria (-11,25%). En

canto aos colectivos prioritarios, diminuíu o paro nas mulleres (-7,96%), entre as persoas menores de 30 anos (-5,32%) e nos parados e paradas de longa duración (-6,05%).

A Xunta lanza axudas para a contratación de mulleres en traballos masculinizados



Unha rapaza nova no seu posto de traballo de mecánica, arranxando a peza estragada dun coche. / Foto: iStock

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, lanza o Programa de apoio para a contratación de mulleres en ocupacións masculinizadas e para a adaptación de espazos nas

empresas. O obxectivo desta liña de axudas é favorecer a contratación de mulleres desempregadas na empresa ordinaria en traballos tradicionalmente ocupados por homes, coa finalidade de contribuír a incrementar as

baixas taxas de ocupación feminina en ditos empregos.

Este programa divídese en dúas liñas: incentivos á contratación por conta allea de mulleres desempregadas e para a adaptación dos espazos ou postos de

traballo na empresa, de carácter opcional, coa finalidade de eliminar barreiras e obstáculos que impidan ou dificulten o acceso e desempeño profesional das mulleres en ocupacións masculinizadas.

Poderán ser beneficiarios ou beneficiarias deste programa de apoio as persoas empregadoras e empresas (incluídas as persoas autónomas, sociedades civís e comunidades de bens) que contraten mulleres por conta allea en ocupacións masculinizadas, para prestaren servizos en centros de traballo situados en Galicia.

Os gastos subvencionables serán: as contratacións por conta allea de mulleres en ocupacións masculinizadas ou con infrarrepresentación feminina na contratación. Os contratos deben ser de duración indefinida, ben con xornada parcial ou comple-

ta. Ao mesmo tempo, serán subvencionables os gastos derivados de obras de adaptación dos espazos ou postos de traballo na empresa, coa finalidade de eliminar barreiras que impida ou dificulten o acceso e o desempeño profesional das mulleres no negocio (aseos, vestiarios, espazos para menores, etc).

As contías destas axudas van dende unha cantidade base de 15.000 euros para as contratacións indefinidas a tempo completo, pasando por 7.500 euros no caso das de xornada parcial, e de 10.000 euros máximo para adecuar os espazos e postos de traballo.

As solicitudes presentaranse, de xeito obrigatorio, por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. O prazo para solicitar as axudas está aberto ata o 30 de setembro.

O Mercamelide na Rúa trae grandes descontos e ofertas



Xosé Igrexas e Pilar López cos carteis do Mercamelide na Rúa. / Foto: Asetem

A nova edición do Mercamelide na Rúa trae grandes descontos e ofertas especiais durante os días 9, 10 e 11 de agosto.

Nesta ocasión, participan na campaña de liquidación de stocks 22 comercios de proximidade: Calzados Broz, Colorín

Colorado, Creaciones MJ, Electrosan, Flor de Toxo, Floristería Maru, Goalkers, Magnin, Marvi, Mis Mejores Labores, M&M, Modas Alfonso, Perfumería Lyss, Romero Zapaterías, Sakho, Sarela, Sisuka, Sportmoda, Stardemoda, Sueños, Toysmaniac e Tu Boutik.

Aberto o prazo para solicitar as axudas destinadas á modernización tecnolóxica



Imaxe dun teclado onde aparece unha tecla específica de axustes. / Foto: iStock

Aberto o prazo para solicitar as axudas destinadas á modernización tecnolóxica pola Xunta de Galicia.

O obxectivo desta liña de subvencións é "potenciar o mantemento e a creación de emprego, a innovación e o impulso de novos proxectos empresariais

a través de apoios que facilitan a adquisición de equipamento para as empresas", comentan dende o Goberno autonómico.

Neste marco, entre as principais novidades destaca o feito de que poden optar a esta liña empresas de todas as acti-

vidades económicas, agás as excluídas pola regulamentación comunitaria. Así mesmo, e para reforzar os investimentos inmediatos sen prexudicar a liquidez e a solvencia das empresas, contéplase un anticipo do 100% da axuda, estando tamén prevista a exención de garantías.

Os apoios, en concorrencia non competitiva, ascenden ao 40% dos custos ata un máximo de 300.000 euros. O obxectivo é facilitar a modernización tecnolóxica e a capacidade competitiva das empresas galegas reducindo parcialmente os seus custos de investimento recentes neste mesmo exercicio 2024.

Neste sentido, admíranse gastos e investimentos executados dende o 1 de xaneiro e ata o 10 de decembro, o prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 10 de outubro.

**PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



E-15-001241

**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**

**NUEVA
UBICACIÓN**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**2 GAFAS
GRADUADAS
99 €**



E-15-001238

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**



MIS MEJORES LABORES

Liquidación de temporada con
prezos irresistibles

📍 Ronda da Coruña, 38
Melide (15800)

☎ 981 50 90 85

📷 @mismejoreslabores

📌 Mis Mejores Labores Melide

Toys Maniatic

Ofertas especiais de Mercamelide!

📍 Ronda da Coruña, 36
Melide (A Coruña)

☎ 981 93 79 40




PROMOCIÓNES ESPECIAIS!!

Tenda de roupa e
calzado infantil
e para bebés

Rúa do Convento, 15
Melide (15800)

981 50 71 87

VÉN DESCUBRIR A NOVA TEMPADA AS NOSAS TENDAS



CALZADOS **Broz** desde 1902



ESTAMOS EN

- Ronda da Coruña, 24
- Rúa do Convento, 20
Melide, A Coruña

CONTACTA CON NÓS

981 815 619

981 609 057

calzadosbroz@gmail.com

SÍGUENOS EN REDES SOCIAIS



E TAMÉN NA
NOSA WEB:
CALZADOSBROZ.COM

CALZADO DE PRIMEIRAS MARCAS

- Panamá Jack
- Callaghan
- Clarks
- J'hayber
- Kangaroos
- Pepe Jeans
- Alpe
- Pablosky
- Vulca Bicha
- Pitillos
- Victoria
- ...

GOALKERS

TIENDAS DE DEPORTE

Descontos do:
50% e 20%

Ronda da Coruña, 10
Melide (A Coruña)
633 10 63 85



Promocións especiais
de Mercamelide!

📍 Rúa do Convento, 2
15800 MELIDE
(A Coruña)

☎ 622 95 30 80

📷 sarela_melide

📌 sarelamelide



- *Moda para chico e chica
- *Complementos
- *Roupa casual como blusas,
cazadoras, vestidos, faldas,
pantalóns,...
- *Prendas de cerimonia
para mujer

Ronda da Coruña, 29 - baixo
Melide (15800)
881 97 58 62

Alfonso Modas

Todo ao 50%

Rúa Mateo Segade Bugueiro, 13
Melide (15800)
981 50 54 58



Promoción especial en Bono Corporal os días 8, 9 e 10 de agosto

Flor de toxo é un centro de benestar e beleza que conta con terapias olísticas e tratamentos biolóxicos e eco.

Reserva a túa cita no tfl: 601 622 522 📞

📍 Avenida da América
Melide (15800)

mJ
Creaciones

Grandes ofertas de Mercamelide

Tenda de roupa de home e taller de confección a medida de prendas para eventos

*Rúa Alexandre Bóveda,7
Melide (A Coruña)
669 57 24 36*

Stardemoda

**LIQUIDACIÓN DE TEMPORADA
30 - 50% DE DESCONTO EN TODAS
AS PRENDAS***

**Rúa San Pedro, 10
Melide (15800)**

981 50 65 12 / 626 56 49 02

**Agás nova colección e complementos.*



Venda de indumentaria e complementos para muller.
Atención personalizada e asesoramento de moda.

Multitude de artigos a partir de 29 euros!!

📍 **Ronda da Coruña, 32
Melide (15800)**
☎ **690 12 86 31**
📷 **@magnin_melide**

ELECTROSAN

ESPERÁMOSVOS NO MERCAMELIDE NA RÚA!!

Rúa Martagona, 13 MELIDE (981 50 79 64)
electrosanmelide@gmail.com 📺 Electrosan



FLORISTERÍA MARU

Especialistas en vodas, comuñóns,
bautizos e eventos



Rúa do Convento, 9 - Melide 📍

 floristeriamarumelide

 Floristería Maru

 Tfl: 981 50 75 80

OFERTAS ESPECIAIS EN XARRÓNS



Contamos con gran variedade de xarróns

Tu Bouyik

3x2

Se compras 3 prendas na nosa tenda durante todo
o mes de agosto regalámosche a 3ª*

Non perdas esta oportunidade
para vestirte para as festas de
San Roque!

Se só queres unha prenda
lévala ao **50%**

Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide (A Coruña)
Telf: 881 965 394

*Reglámosche a máis barata.

9, 10 e 11
Agosto
2024

Calzados Broz	Sakho
Colorín Colorado	Sarela
Creaciones MJ	Sisuka
Electrosan	Sportmoda
Flor de Toxo	Stardemoda
Floristería Maru	Sueños
Goalkers	Toysmaniatic
Magnin	Tu Boutik
Marvi	
Mis Mejores Labores	
M&M	
Modas Alfonso	
Perfumería Lyss	
Romero Zapaterías	

mercamelide

m
na Rúa



Deputación
DA CORUÑA



"O éxito da Asociación Medioambiental Arousa en Transición é un gran exemplo para a Comunidade Enerxética Melidá"

O pasado 29 de xullo, a Comunidade Enerxética Melidá organizou unha charla/ coloquio baixo o título: "Produción eléctrica renovable comunitaria nas nosas mans", a cal acudiron diversos veciñas e veciños da comarca.

Nesta xornada participaron: Xosé Igrexas (concelleiro da Administración local de Melide), Luís Arosa (alcalde do Concello da Illa de Arousa), Xosé Manuel Golpe (presidente da Asociación Galega de Comunidades Enerxéticas), Xavier Simón (director do Observatorio Eólico de Galicia) e Pedro López (presidente da Comunidade Enerxética Melidá).

A Illa de Arousa é a primeira e única localidade na que hai unha Comunidade Enerxética en funcionamento, algo do que Luís Arosa se sente moi orgulloso dado que o camiño non foi sinxelo. "Poñer en funcionamento o proxecto de Arousa en Transición implicou moito traballo e atoparse con diversos problemas burocráticos que fomos salvando. No caso da Comunidade Enerxética da Illa estamos 12 familias, o Concello e a Confraría de Pescadores".

Arousa en Transición é unha asociación medioambiental que xurde en setembro de 2020 como resultado do proceso participativo que tivo lugar na Arousa durante o ano 2019, co obxectivo de elaborar a Axenda Local 2030 dentro do proxecto europeo Clean Energy For Eu Islands para impulsar a transición cara as enerxías renovables nas illas europeas.

Unha vez vista a experiencia logo dun tempo en funcionamento o alcalde da Illa de Arousa afirma que: "o aforro é do 50% no inverno e no verán a enerxía que producen os pa-



Xavier Simón, Xosé Manuel Golpe, Xosé Igrexas, Luís Arosa e Pedro López na charla organizada pola CEM. / Foto: Cerne

neis solares sobra. A xente que participa en Arousa en Transición está encantada porque ve unha rebaixa considerable na súa factura da luz e iso é o que máis lles interesa".

Ademais, como pioneiros, dende a Illa queren continuar a medrar no autoconsumo enerxético e o seguinte obxectivo será "ampliar a Comunidade Enerxética e meter ao 50% da poboación para seguir a ser un exemplo dentro duns anos", comenta Arosa.

Pedro López, presidente da Comunidade Enerxética Melidá, na súa quenda de palabra agradeceu a presenza a todas persoas asistentes e intervindes, así como aproveitou para lembrar que "hai anos Melide era autosuficiente enerxeticamente coa central de Fuciño Rivas, unha cuestión que me marcou moito de neno". Agora, como presidente desta asociación fai fincapé no "compromiso da xente que forma a Comunidade Enerxética Melidá" e no obxectivo en común: "a idea é xerar 100kw con di-

versos paneis solares sobre un dos tellados con mellores condicións para xerar enerxía fotovoltaica, o Pazo de Congressos". No caso da Illa de Arousa os paneis solares tamén está sobre o teito dunha instalación municipal.

López afirma que sendo ambiciosos "poderíanse poñer en funcionamento 500kw, en diferentes edificios públicos, o que supoñería un aforro de 60.000 euros ao ano". Non obstante, a CEM atópase actualmente pendente dos trámites que se realizan no Concello para facer posible a primeira fase.

"Unha vez que se fai comunidade hai un abano de posibilidades e traballo enorme", sinala Xosé Manuel Golpe (presidente de AGACEN). O aforro económico é unha das vantaxes máis interesantes para a poboación pero as comunidades enerxéticas teñen outros compoñentes importantes como o medioambiental e o facer comunidade entre a veciñanza.

"A xente ten que entender que este é un traballo colectivo e cooperativo que non sempre vai tan rápido como nos gustaría. No proceso hai momentos nos que botas de menos que as Administracións che axuden. A maiores, o caso de Melide tedes o vento a favor de contar cunha distribuidora local (Hidroeléctrica Lumymey)".

Arousa en Transición ten unha situación ideal, xa que venden a enerxía sobrante e eses cartos empréganos para o mantemento da instalación e futuros proxectos. Este concepto de "a veciñanza como produtores de enerxía e non só receptores é cara o que debemos aspirar", destaca Xavier Simón, director de OEGA.

"O proxecto da Comunidade Enerxética Melidá é moi ambicioso. Esta idea de construír pequenas instalacións locais é froito das políticas europeas logo de detectar a forte dependencia de fontes enerxéticas de terceiros países, o que pode poñer en risco o

desenvolvemento económico da propia Unión Europea", explica o director do Observatorio Eólico de Galicia.

O obxectivo destas políticas europeas é mudar o modelo centralizado actual por un modelo territorial, no que se aproveiten os recursos de cada zona. "O futuro de Melide e de todas as aldeas do mundo é renovable ou non o é. Non trato de alarmar pero hai que buscar solucións e traballar nesta liña", comenta Xavier Simón.

Para conseguir levar a bo porto un proxecto como de Arousa en Transición ou o da Comunidade Enerxética Melidá é preciso que haxa "vontade política, por iso animo ao Concello melidense a ser atrevido e implicarse nesta iniciativa. O éxito da Asociación Medioambiental Arousa en Transición é un gran exemplo e referente para a CEM", di Simón. O feito de que na Illa de Arousa conseguiran facer realidade este proxecto mostra que é posible e que o marco xurídico actual o permite.

Estas iniciativas son proxectos a longo prazo, dado que a vida útil destas instalacións é de 25 anos, o que implica un beneficio nun amplo período de tempo. Nestes proxectos, o apoio das Administracións públicas é fundamental, "a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado están poñendo fondos para as comunidades enerxéticas pero non son suficientes", sinala Xavier Simón.

Logo destas intervencións, Xosé Igrexas, concelleiro da Administración local melidense, afirmou: "o proxecto da Comunidade Enerxética Melidá está en 3 departamentos: secretaría, intervención e urbanismo. A vontade do Concello é total".

O Cruceiro máis antigo de Galicia en proceso de restauración



O persoal que se encargou de quitar o Cruceiro de Melide para a súa posterior restauración. / Foto: Museo T. Melide

O Cruceiro considerado o máis antigo de Galicia (datado no século XIV), situado en Melide, atópase en proceso de restauración.

O pasado 24 de xullo, o persoal dun obradoiro de restauración de bens culturais desmontou a es-

trutura do Cruceiro para a súa posterior restauración e posta a punto.

Dende o Centro de Estudos Melidenses - Museo da Terra de Melide sinalan que se trata "dunha boa e esperanzadora nova, toda vez que a restauración

e posta en valor foi unha prioridade, reiteradamente demandada por esta institución durante os últimos anos".

Estes traballos inclúen unha limpeza superficial das pezas que conserve a pátina, o retido da placa

metálica e o cemento, así como os pasos, realizándose unha nova cimentación. O cruceiro restaurado será trasladado á nova base e remontado. Os elementos do cruceiro fixaranse con cuñas de chumbo. A nova cinta de suxeición será de aceiro inoxidable.

Este proxecto de restauración que comezou con certo retraso por mor dos trámites burocráticos está financiado polo Concello de Melide. Unha actuación que dende o Museo afirman: "non podía agardar máis por responsabilidade, respecto ao patrimonio cultural común e por empatía, ou máis ben "simpatía" co noso Cruceiro".

Esta figura do patrimonio cultural melidense é un dos grandes reclamos do municipio para visitantes e peregrinos que chegan a xunto a Capela de San Roque. Un dos tesouros da vila que precisará dun gran coi-

dato por parte da veciñanza e visitantes logo deste proceso de restauración.

Por parte do Museo da Terra de Melide queren amosar o seu agradecemento ás institucións e persoas que fixeron posible esta restauración: "Concello de Melide, por asumir e sufragar os custes, o cal é de resaltar; Dirección Xeral do Patrimonio Cultural polas atencións decote dispensadas e pola amabilidade amosadas en tan numerosas conversas telefónicas, así como pola destreza e dispoñibilidade para que o proxecto se puidera materializar (personalizada nas figuras de Regina Sánchez Rego, Beatriz González e Antonio Díaz); aos medios de comunicación por facerse eco da problemática e á veciñanza de Melide, de toda aquela que sinte que o Cruceiro é seu, e que forma parte da nosa idiosincrasia cultural melidá.

Espina&Delfín e o Concello de Melide promoven o uso responsable de auga



Unha persoa pecha a billa para aforrar auga en tempo de seca. / Foto: iStock

O Concello de Melide e Espina&Delfín, empresa concesionaria do servizo de auga da vila, promoven o consumo responsable de auga durante o verán entre a veciñanza.

A campaña "Está na túa man, pecha a billa cando toca" ten como obxectivo concienciar a veciños e veciñas da importancia de realizar un uso axeitado dos recursos naturais.

Esta mensaxe de sensibilización difundirase a través de carteis informativos que se colocarán nos edificios públicos, nas instalacións do servizo municipal de auga e nas redes sociais de ambas entidades.

A escaseza de precipitacións e as elevadas temperaturas que se esperan na época estival teñen un impacto nos caudais ecolóxicos dos ríos. Para poder manter as reservas hídricas durante o período de vacacións é imprescindible realizar un consumo eficiente da auga potable.

Co obxectivo de facer un consumo responsable, esta campaña incide en consellos sinxelos para aforrar auga, como pechar a billa mentres cepillamos os dentes, non usar o retrete como papeleira ou ducharse en lugar de darse un baño.

A Oficina de Turismo recibe a peregrinos e visitantes



Vista da Oficina de Turismo dende a Praza do Convento. / Foto de arquivo

Un dos servizos máis empregados por peregrinos e visitantes durante o verán é a Oficina de Turismo da localidade.

Esta oficina está situada no baixo da Casa Consistorial a disposición de todas as persoas que

desexen informarse sobre que ver, facer ou comer na vila e concello próximos.

O horario deste servizo é de luns a venres, dende as 8:30 ata as 14:30 e de 16:00 a 21:00h. Os sábados e domingos de 9:00 a 14:00 horas.

O Mercado Medieval regresa á vila melidá os días 9, 10 e 11 de agosto



Un dos pasarrúas da última edición do Mercado Medieval. / Foto: T.Melide

O Mercado Medieval regresa á vila melidá os días 9, 10 e 11 de agosto cunha ampla programación.

Esta feira comezará o venres, día 9, ás 18:00 horas coa apertura do Merca-

do e o recuncho infantil, de seguido haberá pasarrúas musical con Gálata, durante toda a tarde actuacións do trasno Froilán, o Bufón Rojo e o pasarrúas da Santísima Trindade.

O sábado, día 10, o Mercado Medieval e o recuncho infantil abrirán as súas portas ás 11:00 horas para dar paso a un día chego de actividades: pasarúas musicais con Gálata e a Santísima Trindade, o peregrino Grandulf, o Bufón Rojo e trasno Froilán. Ademais, haberá diferentes tabernas e cantinas para degustar dun bo xantar ou cea.

O domingo, día 11, a programación é similar á da xornada anterior co peche do Mercado ás 21:45 cun pasarrúas coa participación de todas as compañías que acompañaron á veciñanza e visitantes durante toda a fin de semana.

A maiores, nesta feira haberá atraccións infantís, xogos como tiro con arco e obradoiros para realizar unha coroa de esparto.

O Verán Cultural segue con máis espectáculos



Os membros de Asacocirco Show nunha actuación. / Foto: Asacocirco Show

O Verán Cultural de Melide segue con máis espectáculos, música e actividades durante o mes de agosto.

Nesta programación están: Lucía Aldao nas Noites Musicais do sábado 10, ás 22:00 horas na Praza do Convento; o domingo

11, Asacocirco Show estarán ás 12:00h no Cantón de San Roque; nesa mesma xornada, Versionettes actuarán na zona vella ás 13:00h; o xoves 29 Ioga baixo as estrelas, ás 23:00h na Praza do Convento e o domingo 1 de setembro Pablo Balseiro.

O municipio melidense prepárase para 7 xornadas cheas de troula, música e atraccións coas Festas de San Roque



Milleiros de persoas que acudiron ás Festas de San Roque 2023 á actuación da Panorama. / Foto: Turismo Melide

O municipio melidense prepárase para 7 xornadas de troula, música e atraccións coas Festas de San Roque que comezan o vindeiro mércores.

O 14 de agosto, ás 10:30 horas, empezará a sentir o ambiente de festa

co disparo de bombas de palenque; ás 22:00h haberá tempo para a música tradicional coas actuacións de Os Melidaos e Xascariz; para rematar, Celtas Cortos actuarán ás 00:30 horas.

O xoves 15, volverá haber disparo de bombas

de palenque pola mañá e pola noite será a quenda de Mekanica Rolling Band, ás 22:30h, e El Combo Dominicano, ás 00:30h.

As actuacións destas primeiras xornadas de troula serán no Cantón de San Roque.

Venres 16, ás 11:00h pasarúas a cargo da Banda de Música de Visantoña; ás 13:00h haberá misa solemne na Igrexa parroquial; ás 14:00h concerto da Banda de Música de Visantoña na Praza do Convento; ás 19:00h haberá un espectáculo de maxia con Joshua Keneth; ás 22:00h a Banda repite concerto na Praza do Convento; unha hora despois no Cantón de San Roque actuarán Os Festicultores Troupe e de seguido a orquestra Panorama.

Como xa vén sendo tradición, o sábado 17 será o día da bicicleta. Ás 11:00 comeza a festa co pasarúas de Froito Novo; ás 13:00h misa na Igrexa parroquial; ás 21:30 concerto da Coral Polifónica de Melide na Praza do Convento; ás 00:30h actuarán no Cantón de San Roque as Tanxugueiras seguidas de Nueva Fuerza.

Domingo 18, día do río, ás 14:00h comida campestre na Praia Fluvial de Furelos; ás 19:00 actuación familiar a cargo da Gramola Gominola; ás 22:00h na Praza do Convento concerto da Banda de Música de Arzúa; ás 23:00h no Cantón de San Roque actuación da Charanga Ardores e, a continuación, a orquestra París de Noia.

Luns 19, ás 11:00h pasarúas con Herba Grileira; ás 19:00 actuación familiar na Praza do Convento; ás 22:30h actuacións de orquestra Los Satélites e grupo Bomba.

Martes 20, ás 11:00h pasarúas coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla e concerto da mesma ás 14:00 e ás 23:00 horas na praza do Convento. Para pechar as festas actuará a orquestra Olympus no Cantón de San Roque.



— Mercado Medieval Melide —

9 / 10 / 11 de agosto 2024

ZAFIRO TOURS

RESERVA AQUÍ AS TÚAS
VACACIONES!



Rúa do Convento, 6 - Baixo
Melide (15800)

881 975 643

627 062 327

booking.melide.zafirtours.es

@zafirtourmelide



Todos os carnés de moto, coche,
camión, autobús e C.A.P

Ronda da Coruña, 38

15800 Melide (A Coruña)

www.autoesculamarte.com

autoescuelamarte@autoescuelamarte.com

981 50 54 60



ANA MARCOS
CLÍNICA DENTAL

981 505 705



Los tratamientos más avanzados para tu
salud dental.

Trato profesional y cercano para tu tranquilidad.

www.anamarcosdental.com

Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Ronda da Coruña nº31, 1ºB - **MELIDE**



*laboral
fiscal
contable
subvencions
sucesions*

Visítanos en:

**R/ W. Fernández Florez, 1 Baixo
(esquina con Av. América)
15800 MELIDE (A Coruña)**

Tf: 881 973307

info@ccxestion.com

Los Alcántara, A Maristela e Seguridade Social actuarán na XXIII Feira da Troita

XXIII Feira da Troita
SOBRADO DOS MONXES
SÁBADO 10 AGOSTO 2024
 18:30 h. VIII "CORRETROITA" (carreira popular, 8 km) www.carreirasgalegas.com
XVIII FESTIVAL MUSICAL E INTERCULTURAL DA XUVENTUDE
 20:30 h Actuación de **LOS ALCÁNTARA** na Praza do Concello
 22:30 h Concertos na Explanada do Pavillón Polideportivo
SEGURIDAD SOCIAL
THE NUNZIA'S
 Síguenos en: www.sobrado.es feiradatroita.blogspot.com
DOMINGO 11 AGOSTO 2024
Praza do Concello
 11:00 h Apertura dos stands de artesanía e gastronomía
 12:00 h Pasarrúas de **A MARISTELA** de Sobrado
 13:30 h Pregón a cargo de **María Rivas** Subdelegada do Goberno na Coruña e o xornalista da CRTVG **Marcial Mouzo**
 14:30 h Sesión vermú co grupo **SUPERSTAR**
 16:00 h Concerto de **BRAIS DAS HORTAS**
 17:00 h Animación de rúa **"CHULISES E O VELOCÍCLOPE"**
 17:05 h Zona de xogos na Vía Sacra (duración 4h)
LOUBAND
 18:00 h **FESTICULTORES TROUPE**
 20:00 h
 22:00 h Foliada nocturna co grupo **SUPERSTAR**
 Degustación de "TROITA A MONTAÑESA" na Praza do Concello e nos locais hostaleiros de Sobrado.

Los Alcántara, A Maristela e Seguridade Social actuarán na XXIII Feira da Troita de Sobrado este sábado e domingo, 10 e 11 de agosto.

Na xornada do sábado, ás 18:30 horas celebrárase a VIII "Corretroita" e ás 20:30h comezará o XVI-II Festival Musical e Intercultural da Xuventude coas actuacións de: Los Alcántara, Seguridade Social e The Nunzia's.

O domingo, a partir das 11:00 horas abren os postos de artesanía e gastronomía, ás 12:00h pasarrúas de A Maristela, ás 13:30h pregón a cargo de María Rivas e Marcial Mouzo, ás 14:30h sesión vermú co grupo Superstar. Pola tarde: concerto de Brais das Hostas, animación de rúa "Chulises e o Velocíclope", zona de xogos, Louband, Festicultores Troupe e Superstar. Ademais, haberá degustación de troitas.

O cartel da XXIII Feira da Troita de Sobrado. / Foto: Concello de Sobrado

As Cruces acollen o sábado 17 de agosto "A Feira do 13"



Diversas persoas na Feira de As Cruces do ano pasado. / Foto: C.Sobrado

As Cruces (Sobrado) acollen o vindeiro sábado, 17 de agosto, "A Feira do 13".

Nesta festa tradicional haberá: música con acento galego, da man da Maristela; produtos agrícolas da zona; exposición de coches clásicos; tendas típicas; servizo de polbeira; exposición de tractores e apeiros de labranza antigos; xogos tradicionais e degus-

tación dun becerro enteiro asado.

Ademais, dende a organización sinalan que "a xente que asista á feira con roupa entre as décadas dos anos 40 e 70 estarán convidados a unha caña de cervecxa". Así mesmo, animan aos xinetes e amazonas a acudir cos seus cabalos a esta festa, organizada pola veciñanza de As Cruces.

Tchin Tchin
VERANO
2 GAFAS MÁIS POR 1€ MÁIS*
LA TERCERA PARA TI O PARA REGALAR

C/ RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE - 981 506 097 (E-15-001258)

ALAIN AFFLELOU

PIDE TU CITA
afflelou.es



Aberto o prazo de inscricións para participar no Santiso Concilia



Varias crianzas nunha das actividades do campamento 2023. / Foto: C. Santiso

Aberto o prazo de inscricións para participar no Santiso Concilia ata o vindeiro 14 de agosto.

Un ano máis, o Concello de Santiso organiza unha iniciativa de concilia-

ción para que as familias poidan deixar os seus cativos e cativas realizando actividades durante o mes de setembro.

Os participantes serán nenos e nenas de entre

3 a 16 anos. As persoas interesadas en anotarse ao Santiso Concilia deben acudir ás dependencias da Administración local e, para máis información, poden chamar ao 981 81 85 01.

O horario desta iniciativa será: de luns a sábado desde as 16:00 ata as 20:30 horas na Antiga Casa do Concello (Arcediago).

Algunhas das actividades que realizarán os e as pequenas serán: xogos e xincanas, traballos manuais, actividades de igualdade, medioambiente, entre outras.

Esta iniciativa son financiadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e polo Ministerio de Igualdade. Este proxecto é unha aposta máis do Concello de Santiso por unha conciliación real para as familias.

Cine de verán co filme "As Bestas" en Visantoña



Parte do cartel de presentación do premiado filme "As Bestas". / Foto: RRSS

Cine de verán co filme "As Bestas" no Pavillón de Visantoña este sábado ás 21:30 horas.

A obra audiovisual de Isabel Peña e Rodrigo Sorogoyen, gañadora de 9 Goyas, entre eles a mellor película, chegará esta fin de

semana á Visantoña para o desfrute da veciñanza e visitantes. A duración do filme é de 2 horas e 17 minutos e non está recomendado para menores de 12 anos.

Esta actividade está organizada polo Concello de Santiso.

Melide acollerá o Circuito Galego de Teatro Amador no mes de setembro

A vila de Melide acollerá o Circuito Galego de Teatro Amador no mes de setembro con obras para todos os públicos.

A Federación Galega de Teatro Amador concedeulle por segundo ano consecutivo a Asociación Cultural Charamela a organización do Circuito de Teatro Amador.

Nesta convocatoria a programación fórmala as seguintes obras e grupos: "Encarcelados", representada polos actores e actrices de Max Teatro o vindeiro 7 de setembro ás 21:00 horas. O sábado seguinte, día 14, ás 21:00h actuará o Teatro de Cámara Ditea coa obra "Un mal día teno calquera". O 21 de setembro, á mesma hora que as anteriores, é a quenda dos actores e actrices locais, A Asociación Charamela representa "Vaia lío". Para rematar, o

sábado 28 de setembro, ás 21:00 horas, a obra "@s vell@s non deben namorarse" será representada por Rebuldeira Teatro.

Nesta edición haberá historias para todos os gustos: "Encarcelados" conta a relación entre unha presidiaria e o axente encargada de vixiala nunha noite especial. "Un mal día teno calquera" narra unha divertida Cea de Nadal. "Vaia lío", unha representación onde non faltan as situacións cómicas, de misterio, amor, complicidade e medo cunha chea de escenas divertidas. "@s vell@s non deben namorarse" é unha adaptación do clásico de Castelao na que se coñecerán 3 historias de amor, as cales unirán amor e morte, froito da paixón e o desatino dos protagonistas.

Todas as actuacións son de balde e para todos os

públicos, agás a representación de "Un mal día teno calquera" que está dirixido ao público adulto maior de 14 anos.

O escenario escollido para acoller este circuito de teatro en galego é o Centro Sociocultural Mingos de Pita de Melide.

Esta iniciativa é posible grazas a FEGATEA, unha fundación que dende o ano 2000 percorre un camiño cheo de esforzo e paixón para poder amosar a unión do teatro afeccionado galego ao redor dunha idea compartida. O Circuito Galego de Teatro Amador trátase dun proxecto no que se fan máis de 60 actuacións en alomenos 16 sedes repartidas polas 4 provincias. No caso de Melide, a organización corre a cargo da Asociación Cultural Charamela, a cal conta co seu propio grupo de teatro.

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AMADOR

ECENTRO SOCIOCULTURAL MINGOS DE PITA (MELIDE)

Entrada de balde

G07/09/2024 ás 21:00 horas
Max Teatro
Encarcelados
(Todos os públicos)

A14/09/2024 ás 21:00 horas
Teatro de Cámara Ditea
Un mal día teno calquera
(Público adulto)

T21/09/2024 ás 21:00 horas
Asociación Cultural Charamela
Vaia lío
(Todos os públicos)

E28/09/2024 ás 21:00 horas
Rebuldeira Teatro
@s vell@s non deben namorarse
(Todos os públicos)

A2024

Circuito Galego de Teatro Amador

FEGATEA 2024
"As orixes do teatro"
Teatro de Epidauro, 350 a.C

XUNTA DE GALICIA
ASOCIACIÓN CULTURAL Charamela
CONCELLO DE MELIDE

Cartel do Circuito de Teatro Amador desta nova edición. / Foto: Charamela

A Xunta concédelle a Toques 57.000€ para a mellora dos camiños rurais



O cartel do Plan de Mellora de Camiños Rurais en Toques. / Foto: Concello

A Xunta de Galicia concédelle ao Concello de Toques, a través do Plan de Mellora de Camiños Rurais 2023/2024, un importe de 57.333 euros para realizar obras para mellorar dous

camiños da zona, neste caso na parroquia de Paradela.

As actuacións realizaranse no Camiño de Mangoeiro a Buxán e no Camiño do Cruce de Buxán a Tilleira.

A distribución dos fondos aportados á Administración municipal é a seguinte: O Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural aporta o 60%, 34.399,80 euros; o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación contribuíu co 12%, 6.879,96 euros; e, por último, a Xunta de Galicia o 28%, 16.053,24 euros. Estes fondos distribuíronse en dúas anualidades: no 2023 o 34,71%, é dicir, 19.900,28 euros; e no 2024 o 65,29%, 37.432,72 euros.

O obxectivo deste Plan de Mellora de Camiños Rurais de titularidade municipal é mellorar as condicións de vida e traballo neste entorno, a través do fortalecemento das infraestruturas viarias o que facilita a accesibilidade, reforza o tecido social, incrementa a capacidade organizativa e axuda a fixar poboación.

Este sábado celebrárase a Festa do Río de As Barxas



Parte do cartel da Festa do Río de As Barxas (Paradela). / Foto: Escala

Este sábado, 10 de agosto, celebrárase a Festa do Río de As Barxas (Paradela, Toques).

Para poñer música a esta xornada actuarán: Dúo Trasnos, charanga Era Visto e a coñecida orquestra Olympus.

A troula nesta aldea comezará ás 13:30 horas coa sesión vermú a cargo do Dúo Trasnos. A maiores, o Campo da Festa estará cuberto por unha carpa e haberá inchables durante toda a xornada para os máis cativos.

Iria Heath presenta libro no Museo da Terra de Melide



Cartel da presentación do libro de Iria Heath no Museo da vila. / Foto: M.T.M

Iria Heath presenta o seu libro "Hablemos sin tapujos. Hablemos de salud mental" este sábado, ás 18:30h, no Museo da Terra de Melide.

Nesta presentación, a autora contará coa compañía de Sandra Díaz Fernández e Cristina Guerra López,

entre as 3 comentarán o contido do libro.

Esta publicación está dedicado a tratar o tema da saúde mental, unha cuestión que nos afecta a todos e a todas. Iria trata este tema porque di: "moita xente non se atreve a falar disto".

A vila de Melide acollerá a 1ª Feira do ovo e o desafío da tortilla máis grande



Manuel Casa, responsable da empresa organizadora deste evento gastronómico, cos carteis gañadores. / Foto: Ecocentro

A vila de Melide acollerá os días 14 e 15 de setembro a 1ª edición da Feira do ovo campeiro e o desafío da tortilla máis grande do mundo.

Para anunciar este evento, dende a empresa organizadora (Ecocentro S.C), organizaron un concurso de

carteis. A obra gañadora foi a titulada "A miña terra", do murciano Rubén Lucas García, que recibirá un premio de 300 euros.

Para tentar bater o récord da tortilla máis grande do mundo empregaranse 1.700 quilos de patacas,

14.000 ovos frescos, dez quilos de sal e preto de 350 litros de aceite de oliva.

Dende a organización esperan que este logro gastronómico se converta nun símbolo da paixón pola boa comida que existe no municipio melidense.

Éxito de asistencia ao XLII de Torneo de Fútbol Sala



Decenas de persoas no Polideportivo municipal vendo os partidos. / Foto: Cire

Un ano máis, o Torneo de Fútbol Sala do concello de Melide é todo un éxito de asistencia nas primeiras xornadas xa celebradas.

Veciñanza do municipio e da contorna acoden a diario ver os partidos

das diferentes categorías da XLII edición do torneo.

Este ano son máis de 50 os equipos participantes, sendo a modalidade de seniors a máis numerosa. A final de todas as categorías será o venres 23 de agosto.

O Museo da Terra de Melide acolle este mes a exposición de cadros de X.M Broz



Varios cadros presentes na exposición acollida polo Museo da Terra de Melide este mes de agosto. / Foto: M.T. Melide

O Museo da Terra de Melide acolle este mes a exposición de cadros do melidense Xosé Manuel Broz.

Unha vez máis, a sala cero do Museo é o escenario escolmado por Broz para expoñer as súas

obras pictóricas. A mostra está formada por 30 óleos pintados todos no último ano, dende agosto de 2023 a xullo de 2024, tal e como indican dende o Museo da Terra de Melide. Nas obras de Broz podemos apreciar

paisaxes urbanas e naturais da contorna, escenas costumistas e monumentos.

A visita á exposición é gratuíta para todas as persoas interesadas en visitala e estará dispoñible durante todo o mes.

Paren o mundo, que quero baixar

Dise que un dos síntomas evidentes de que te vas facendo vello é que percibes que a evolución dos comportamentos e a maneira de actuar das persoas máis novas van moi en contra dos teus valores. O tradicional "xa nada é o que era".

Á xente máis vella sempre lle pareceu unha tolemia a maneira de comportarse dos novos: as novas liberdades, os ritmos, todo o que define unha xeración é difícil de asumir cando vas tendo máis idade. Seguramente sexa esa unha característica común de todos os cambios de xeracións que ten habido na historia da humanidade. Pero nesta, que nos toca vivir somos nós os que debemos poñer un pau na roda se a dirección ou o ritmo nos que imos non nos parecen axeitados nin emocionalmente sanos. Ter claro que non todo vale en nome do progreso ou da modernidade, porque tampouco todo o que é moderno, novo e innovador é bo.

Pode selo se se trata de tecnoloxías (ben empregadas), coma as que nos recollen as faragullas do chan dándolle a un botón, andando a casa toda, sen ter que agarrarse á vasoira. Ou a voz que nos leva ao cu do

mundo nun coche sen que o copiloto teña que botar a ruta buscando nun mapa. Pero o que está evolucionando de forma unánime e moderna de cara a un abismo de individualidad, egoísmo e ansiedade é a cabeza das persoas. Botámoslle a culpa á sociedade, pero a sociedade somos nós, sumados ao veciño.

Os clientes non están conformes. Os empresarios están saturados. As nais están superadas. Os traballos teñen ansiedade. A mocidade está desmotivada. As parellas están descontentas. Os rapaces son insaciables.

A présa, o apuro, o consumo rápido, todo para onte, os vídeos de 15 segundos, ler só os titulares, as mensaxes en vez das conversas, xa quedaremos e non quedamos nunca, protestar sen poñerse nunca do lugar do outro, se lle vai mal peor para el, que espabile, salvar cada un a súa pel, saudarnos rápido sen escoitar a resposta ao "que tal?", deixar o bo para un despois que nunca chega, invadir o espazo e o tempo de lecer e de familia dos traballadores coma se se deben aos clientes 24 horas ao día, penalizar socialmente a quen descansa, criticar ao

que elixe vivir máis pausado, ...mentres a vida pasa.

Comentábame un amigo, falando deste tema, que ao remate da pandemia todos tiñamos unha idea máis bonita e solidaria da vida, pero durounos pouco, e co tempo demos un paso de xigante de cara a sermos máis egoístas, menos empáticos. E nese punto estamos.

O que nos debiera ter servido para valorar as prioridades da vida (unha ducha quente polas mañás, alguén que nos queira e a quen querer cerca de nós, unha saúde que nos permita valorar os días, ...) deu completamente a volta, e situounos neste momento no que nunca se sentiu tanto o egoísmo, as présas, a falta de empatía e a deshumanización das relacións.

Nunca deixará de estar en vigor a viñeta da gran Mafalda: "¡¡¡Paren el mundo, que me quiero bajar!!!"

Vanesa de Quinzán

Do 1 de xullo ao 31 de agosto de 2024.

*Consultar condicións en tenda.

PUNTO ROXO

busque os artigos marcados con este distintivo e disfrute de **grandes descontos**


O teu
PIKOLIN
ao **55%**
dto

POLA COMPRA
DUN COLCHÓN

pikolin

LEVA UN PROTECTOR
DE COLCHÓN

¡DE REGALO!



MOBLES ARES

Desexámosvos boas festas San Roque

Visítanos tamén en www.moblesares.com

ABERTO DOMINGOS DE 10h. a 14h.

O pádel, un deporte que une diferentes xeracións



Algúns dos membros dos equipos A (imaxe da esquerda) e B (imaxe da dereita), formados no I&CO Padel Center en Melide, que estiveron competindo durante esta temporada. / Foto: Iván

- **Como xurde o voso equipo de pádel?**

- **Ivan** (membro do grupo):
- Todo comezou no I&CO Padel Centre cando iamos xogar alí partidos entre amigos e decidimos formar uns equipos para poder competir. Ao principio eramos pouquiños pero fomos xuntando e agora somos case 50 membros.

- **Sodes tamén un grupo moi diverso.**

- **I:** Si, os máis novos teñen arredor de 18 anos e os

maiores pasan dos 40.

- **Que é o máis enriquecedor de estar nun equipo tan interxeracional?**

- **I:** Ao final, unha vez na pista, é coma se todos tivésemos a mesma idade. Levámonos todos moi ben, temos bo ambiente e somos todos iguais.

- **Como foi esta 1ª temporada de competición?**

- **I:** Temos 2 equipos, o A e o B. No caso do A conseguimos o ansiado ascenso á seguinte categoría e no B

tamén conseguiron mellorar.

- **Primeiro ano de competición e xa un ascenso, estaredes moi satisfeitos.**

- **I:** Era o obxectivo dende o principio. Nós sabiamos que teñamos nivel para ascender e senón o conseguíamos ía ser un fracaso.

- **Como son os adestramentos?**

- **I:** Xogamos sempre entre nós, todas as semanas. A base de xogar é o xeito de

mellorar. Logo, algún día quedamos os xogadores dos equipos A e B para xogar entre nós e despois faciamos equipo indo a tomar algo, que tamén é importante socializar entre nós.

- **Unha das claves do éxito pode ser esa maneira de facer equipo?**

- **I:** Si claro. Ao principio moitos non nos coñeciamos e grazas a formar este equipo agora somos amigos.

- **Como explicarías este gran momento que vive**

o pádel?

- **I:** Porque é un deporte doado de aprender e practicar, non precisas ter unha gran forma física para competir e pasalo ben. Unha persoa que non controle nada de pádel en 3 partidos xa pode ter coñecementos para desfrutar. Ademais, ao ser un deporte no que xogas en equipo tamén che da un extra de motivación e sempre creas un grupo co que despois socializas e fas vida máis alá das pistas.



Véndese leña picada de carballo

Santa María de Melide

636 866 996



CELESTINO PENAS BARALLOBRE, RECAMBIOS VULCANO

“A clientela está cada vez máis descontenta das compras en liña pola falta de garantías”

- Que podemos atopar na tenda de Recambios Vulcano?

- **Celestino Penas:** Todo tipo de recambios: agrícola, dos diversos modelos de vehículos, latiguillos hidráulicos, etc.

- Cal é o voso público obxectivo?

- **C.P.:** Dirixímonos tanto a talleres como a traballadores de diferentes empresas, como por exemplo son os empregados que están agora na autovía A- 54, e a particulares.

- Saberías dicir cales son os produtos máis demandados?

- **C.P.:** Depende moito da época pero aquí todo é demandado, dende motoseerras, robots, cortacéspedes,... Onde se nota moito a temporada é no sector agrícola porque teñen as campañas moi marcadas e certos artigos véndese máis.

- A xente prefere amañar as máquinas con recambios ou unha vez que falla xa é máis partidaria de mercar unha nova?

- **C.P.:** Isto depende moito da peza. Hai pezas que valen para amañar pasándoas pola rectificadora e outras si que se mercan novas porque o custo do amaño é similar a comprar outra.

- Que diríades que o voso valor engadido ou diferencial, con respecto ás grandes superficies?

- **C.P.:** Aquí temos pezas a moi bos prezos e de feito vese na clientela que vén por primeira vez, queda satisfeita e volve. Nós sempre intentamos dar o máximo e mellor servizo posible. Incluso, nestes tempos, cando empeza a campaña do silo se hai que vir un domingo facer o latiguillo porque rompeu e a xente así non pode traballar pois ven-se. Isto a xente agrádece



Celestino Penas Barallobre, responsable de Recambios Vulcano, no seu comercio en Melide. / Foto: Cerne

moito porque grazas a túa implicación eles puideron realizar o seu traballo en tempo.

- Como é a competencia do comercio en liña?

- **C.P.:** Nalgunhas pezas determinadas si que se nota a competencia das tendas en liña. Non obstante, agora a xente está cada vez máis descontenta do que compra por internet, dado que en moitas ocasións chega a peza, non che serve e non cha cambian. Pola contra, nunha tenda coma a nosa se a peza non vale, recollese e cambiase por outra. Eu xa vin moitos casos de persoas que mercaron pezas por internet, non lle servía e despois non puideron devolve-la.

Ademais, soe dicirse que se aforra comprando en liña e eu non teño tan claro porque non é o mesmo mercar unha peza dunha determinada marca que trae consigo certas garantías que outra que compras pola rede e non

conta con esa calidade nin garantías. Tiven algún caso de hidrolimpiadoras e cortacéspedes que cómpranos en comercio electrónico, duran moi pouco tempo en funcionamento e cando fallan non hai reposto. Entón, onde está a ganancia? Nestes caso ao final gastas o dobre. Coñecemos clientes que mercaron algunha vez por internet e non lles quedaron ganas de volver face-lo.

- Hai relevo xeracional para este tipo de tendas?

- **C.P.:** Nós no comercio mantemos o mesmo persoal dende que abrimos. Pero son coñecedor de que existe o problema de buscar xente para traballar porque nós na ferralla non damos atopado persoal. E, non estou falando de traballar como hai anos que se facían 12 horas e as condicións non eran boas, senón cumprindo en todo momento a lei e normativas. Actualmente, na ferralla estamos a 2

quendas e tivemos que buscar outra cuadrilla e non dabamos atopado. Hai moitas empresas que non poden ampliar o seu negocio porque non atopan obreiros.

Este é un grave problema porque se non hai xente suficiente para traballar quen vai cotizar para poder pagar as pensións? Ademais, este problema ten pinta de que co paso do tempo se vai complicar máis. Todos cando chegemos a maiores necesitamos unha xubilación porque non podemos traballar. Eu vexo aos meus rapaces que levan traballando dende os 18 anos e que cando cheguen a unha determinada idade non poidan cobrar unha xubilación despois de toda unha vida traballando é preocupante.

- O voso sector notou moito a suba de prezos?

- **C.P.:** Notouse porque todo subiu. A xente agora mira moito os prezos porque a capacidade adquisitiva é máis pequena, dado que

non só subiron os prezos neste sector, foi algo totalmente xeneralizado. Houbo cousas que subiron o dobre. Non obstante, tamén hai que dicir que hai produtos que baixan como foi este ano o plástico do silo. De feito, a xente non o cría cando llo contabamos.

- Cal é a situación do sector dos recambios?

- **C.P.:** Non nos podemos queixar. Nós temos unha clientela fiel e estamos nunha situación estable, obviamente non todos os meses son iguais pero a nivel xeral imos tendo traballo e a mesma clientela.

- Dirías que Melide é un bo sitio para emprender?

- **C.P.:** Para min si. Ti vas a Arzúa, a Sobrado ou a Palas e non ves a vida e o movemento que hai en Melide. É máis, mira que Lalín é un municipio grande e con moita poboación, pois coñezo veciños e veciñas de Lalín que os domingos veñen comprar e tomar algo a Melide. Se tivera que abrir outro negocio teño moi claro que sería aquí. Aquí a xente móvese moito e é moi traballadora. En Melide o comercio sempre está aberto e iso a clientela valóralo.

De feito, penso que é sumamente importante que a xente, tanto de Melide como de concellos veciños, compre aquí. Se todos mercamos e consumimos nos establecementos de proximidade os cartos quedan no municipio, axuda a que a economía local medre e vains mellor a todos. Non é necesario ir a Santiago ás grandes superficies para comprar cando temos unha vila con tanto comercio.


Recambios Vulcano
Avenida de Lugo, 99
Melide (15800)
Tlf: 981 50 62 18



CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora

